



COMUNICADO DA PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO DE GALICIA

A **Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia** tras declarar o día **26 de outubro** como **xornada de loita contra as reválidas** apoiando as mobilizacións da Plataforma Estatal por la Escuela Pública en todo o territorio español, para esixir a súa eliminación inmediata e definitiva, así como a **derrogación da LOMCE** e a prol da **reversión dos recortes** quere comunicar o seguinte:

- Manifestar o seu absoluto rexeitamento ás reválidas impostas e instar á administración educativa á **anulación do RD 310 /2016 de 29 de xullo polo que se regulan as mesmas**.
- Apoiar a xornada de folga educativa convocada para esa data polo sector do alumnado (SE) e polo sector de pais e nais (CONFAPA-GALICIA) que **promoven un baleirado de aulas** en toda Galicia.
- Poñer en marcha o **seguinte calendario de actuacións conxuntas contra as reválidas** en toda a autonomía galega e **instar a toda a comunidade educativa á participación** na loita contra esta lei infame que restrinxe ó acceso a titular do alumnado; xerando, tamén, incertidume no alumnado, no profesorado e nas familias pola falta de concreción por parte da administración educativa de aspectos clave como os modelos de exame en 2º de BACH, a alteración do calendario de final de curso ... Desde a **Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia** levaremos a cabo diversas formas de loita baseadas en **mobilizacións, asembleas informativas** para toda a comunidade educativa e **actuacións en centros educativos** das diferentes provincias. A **Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia** convoca a toda a comunidade educativa (pais, nais, alumnado e profesorado) a **concentrarse contra a LOMCE e as reválidas nas seguintes cidades:**

| CIDADE | HORA |
|------------------------|-------|
| Vigo | 12:00 |
| Ourense | 19:30 |
| Pontevedra | 19:30 |
| A Coruña | 19.30 |
| Ferrol | 12.00 |
| Lugo | 19:30 |
| Santiago de Compostela | 12:00 |

A **Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia** amosa o seu rexeitamento absoluto á imposición das reválidas e reitera que non deixará de realizar actuacións conxuntas dentro dun marco global de loita pola derrogación da LOMCE e o resto de contrarreformas educativas, así como para lograr a reversión total dos recortes sufridos nos últimos anos. Animamos a toda a comunidade educativa galega a formar parte desta xornada de loita para acadar unha educación de calidade e de equidade.

Facemos un chamamento aos centros e ao profesorado para que as actividades que desenvolvan non supoñan un prexuízo para o alumnado que non asista ese día ás aulas.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2016

